

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 31 DE MARZO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromiso de gasto de carácter plurianual relativo á Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de dúas bolsas de formación práctica na Axencia de Turismo de Galicia e se procede á súa convocatoria para os anos 2025 a 2027, por un importe total de sesenta e tres mil trescentos corenta euros con cincuenta e seis céntimos (63.340, 56 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Concello da Coruña, Xunta de Galicia, ADIF, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña para o financiamento conxunto da contratación do servizo de elaboración do Master plan, anexos e documentos derivados para o desenvolvemento do proxecto Coruña Marítima e da asistencia técnica durante o desenvolvemento do procedemento de licitación, por importe total de tres millóns trescentos quince mil euros (3.315.000,00€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón da aprobación da memoria do Plan de inspección ambiental de Galicia 2019-2024.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o desenvolvemento e execución de microcredenciais, no marco do compoñente 21, investimento 6 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por un importe total de dous millóns seiscentos corenta e nove mil douscentos dezaseis euros (2.649.216,00€), e a realización dun pagamento anticipado no ano 2025 de ata o 100% da subvención concedida.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Down Galicia, para o financiamento de programas destinados ás persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual e ás súas familias e do mantemento da federación para o exercicio 2025. Importe: un millón douscentos sete mil seiscentos oito euros (1.207.608,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de familiares e persoas con enfermidade mental de Galicia) para o financiamento dos programas dirixidos a persoas con enfermidade mental residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e o mantemento da entidade para o exercicio 2025. Importe: seiscentos sesenta e cinco mil catrocentos trinta euros (665.430,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Autismo Galicia, para promover a atención das persoas con trastornos do espectro autista e ás súas familias en Galicia e para o mantemento da federación e das entidades federadas para o exercicio 2025. Importe: cento setenta e cinco mil trescentos trinta e un euros (175.331,00€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a eximir da constitución de garantías as entidades colaboradoras que participarán na xestión das axudas derivadas da Resolución pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras das axudas Foexga (fomento das exportacións galegas), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, en réxime de concorrència non competitiva, por un importe total de dous millóns trescentos oitenta mil euros (2.380.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a eximir da constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da Resolución pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Igape, que aproba as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta organismos intermedios 2025), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrència non competitiva, por un importe total dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da licitación do contrato do servizo de redacción de proxecto e dirección de obra para a construción dun edificio para 80 aloxamentos compartidos de promoción pública, zonas comúns, garaxes e rochos na parcela M-V-6 do Plan parcial de San Paio de Navia, Vigo (Pontevedra), por un importe de catrocentos corenta e catro mil cincocentos sesenta e dous euros con oitenta céntimos (444.562,80 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo, a Consellería de Economía e Industria e a Fundación Galicia Constrúe, Clúster da Construción, para o impulso da construción industrializada en Galicia, por un importe de trescentos trinta e cinco mil catrocentos noventa e dous euros con corenta e sete céntimos (335.492,47 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Oia, para a execución das obras de reforma do contorno urbano do mercado de abastos, por un importe de douscentos oitenta e sete mil novecentos sesenta e tres euros con corenta e sete céntimos (287.963,47 €).
- Acordo polo que se toma razón da licitación, polo procedemento aberto multicriterio, do contrato de servizo de redacción do proxecto de interese autonómico, do proxecto de expropiación e de parcelamento, para a obtención de solo destinado maioritariamente á construción de vivendas protexidas en varios concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, cun orzamento de cincocentos sesenta e oito mil novecentos once euros con sesenta e nove céntimos (568.911,69 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de vacinas inactivadas producidas a partir de virus crecido en ovos embrionados, de virus fraccionados ou de antíxenos de superficie (H e N), ou análogas, de 60 microgramos de aglutinante en cada cepa para a súa administración a persoas de 70 e máis anos, persoas institucionalizadas en residencias da terceira idade de 60 e máis anos e persoas inmunodeprimidas de 60 e máis anos, por un importe total de licitación de sete millóns douscentos oitenta mil euros, con IVE (7.280.000,00 €) e un valor estimado de oito millóns catrocentos mil euros, sen IVE (8.400.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de limpeza do Hospital Universitario da Coruña e do Hospital Abente e Lago, centros dependentes da Área Sanitaria da Coruña e Cee, pertencentes ao Servizo Galego de Saúde, por un importe de vinte e seis millóns cento noventa mil catrocentos cincuenta e tres euros con noventa e sete céntimos (26.190.453,97 €), IVE incluído, e un valor estimado de trinta e seis millóns setecentos noventa e seis mil cincocentos cinco euros con cincuenta e oito céntimos. (36.796.505,58 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se toma razón do inicio da obra de eficiencia enerxética do Centro Galego de Arte Contemporánea, consistente na reforma das instalacións de climatización, cun orzamento de execución de novecentos sesenta e sete mil novecentos corenta e seis euros con setenta e seis céntimos (967.946,76€).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se aproba o Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e a empresa pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (Seaga) en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, por un importe total de doce millóns douscentos cincuenta mil euros (12.250.000,00 €) para o ano 2025.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural, a Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria do Ribeiro, a Mancomunidade de municipios da comarca de Verín, a Mancomunidade de municipios da comarca do Carballiño e a Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria Terra de Celanova, para o desenvolvemento dun programa piloto en que se establecen 16 brigadas de prevención e extinción de incendios por un período de seis meses, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027, por un importe total dun millón douscentos noventa e seis mil euros (1.296.000,00 €) para o ano 2025, así como a superación do límite do 80% no conxunto de pagamentos anticipados e pagamentos á conta, de conformidade co establecido no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a exención de garantías na realización de pagamentos á conta nas subvencións que se concedan ao abeiro da Orde da Consellería do Mar pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2025, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan a reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal para garantir unha actividade económica, social e ambientalmente sustentable (código de procedemento PE209P), por importe de cinco millóns setenta e cinco mil euros (5.075.000€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACION, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre prezos públicos correspondentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial para o curso 2025/26.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre a Estratexia galega contra o idadismo.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o inicio da campaña do IRPF 2024.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACION DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto de acondicionamento da AC-406. Treito: LTM Val do Dubra - AC-444, cun custo estimado de catro millóns trescentos cincuenta e seis mil novecentos oitenta e nove euros con sesenta e nove céntimos (4.356.989,69 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA DÚAS BOLSAS DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN TURISMO DE GALICIA

- Os bolseiros formaranse na Área de Estudos e Investigación, en concreto no ámbito da ciencia de datos e da comunicación de datos turísticos
- O desembolso total deste programa ascende a 63.340,56€

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria de dúas bolsas de formación práctica na Axencia Turismo de Galicia, que se desenvolverán entre os anos 2025 e 2027. Estas axudas están pensadas como formación práctica especializada e centraranse na Área de Estudos e Investigación, para realizar de labores de investigación, tratamento e análise de datos en materia turística.

En concreto, unha das bolsas está destinada á análise no ámbito da ciencia de datos, mentres que a outra desenvolverase na área da comunicación de datos turísticos. Poden solicitálas calquera persoa con nacionalidade española ou dun estado da Unión Europea que estea en posesión dunha titulación superior rematada no ano 2020 ou posterior. Concederanse en réxime de concorrencia competitiva.

O programa formativo desenvolverase ao longo do anos 2025, 2026 e 2027. Terá unha duración máxima de 24 meses desde que as persoas se incorporen á Axencia, o que está previsto para o 1 de xullo de 2025.

A Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia realiza unha contribución esencial ao sector turismo no tecido económico e social de Galicia, así como na mellora da súa calidade e competitividade. A través da formación de recursos humanos especializados neste área, en concreto en tecnoloxías innovadoras como a análise de datos, resulta clave para poder impulsar o papel do turismo como motor da rexión.

Turismo de Galicia destinará a estas bolsas 63.340,56€, que repartirá entre as tres anualidades durante as que se desenvolverán as prácticas. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA NO FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DO PROXECTO CORUÑA MARÍTIMA CUNHA ACHEGA DE MÁIS DE MEDIO MILLÓN DE EUROS

- O Consello do Goberno galego autorizou a sinatura do convenio para a contratación da elaboración do Master plan e da asistencia técnica no procedemento de licitación
- A iniciativa terá un custo superior aos 3,3 millóns de euros e conta tamén coa participación de Portos do Estado, da Autoridade Portuaria da Coruña, do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias e do Concello da Coruña

O Consello da Xunta autorizou hoxe o financiamento da redacción do proxecto *Coruña Marítima* cunha achega de máis de 550.000 euros, a través dun convenio de colaboración con Portos do Estado, a Autoridade Portuaria da Coruña, o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) e o Concello da Coruña. O importe total da actuación cofinanciada polas cinco entidades integrantes da Comisión Coruña Marítima supera os 3,3 millóns de euros para o período 2025-2027.

A iniciativa enmárcase no protocolo para a reordenación da fachada marítima da Coruña. Proxecto *Coruña Marítima*, formalizado por estas entidades en maio de 2024, co compromiso de impulsar a transformación e reordenación do espazo portuario interior da cidade da Coruña e os novos usos portuarios e urbanos dos terreos da fachada marítima do porto da Coruña, de acordo co interese público. Búscase así a mellora da calidade de vida da cidadanía ao abeiro da necesaria cogobernanza e do principio de lealdade institucional.

Deste xeito, financiarase a elaboración, a través dun concurso internacional de ideas, dun Master plan para a reordenación do espazo portuario interior da Coruña, do espazo ferroviario da estación de mercadorías de San Diego e as zonas estremeiras da cidade. O convenio inclúe tamén a cobertura da asistencia técnica durante todo o proceso de licitación.

A achega da Xunta materializarase a través da Dirección Xeral de Mobilidade, con 25.000 euros neste exercicio, 225.000 en 2026 e 302.500 en 2027. Trátase de restablecer a relación da cidade co mar na fronte portuaria, resolvendo os problemas de mobilidade e de déficit de espazos e de dotacións públicas dos barrios limítrofes, ademais de mellorar as infraestruturas ferroviarias de transporte de mercadorías e impulsar a recuperación do bordo litoral da cidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REALIZA UNHA MEDIA DE 1.350 INSPECCIÓN AMBIENTAIS CADA ANO E 7 DE CADA 10 INSTALACIÓNS SUPERAN OS CONTROIS CON BOA NOTA

- O Consello toma razón da aprobación da memoria do Plan de inspección ambiental de Galicia 2019-2024, unha ferramenta de autoavaliación da actividade desenvolvida neste período para analizar os resultados obtidos e facer propostas de mellora
- O 80% das visitas foron programadas e entre as que non o estaban detectouse unha tendencia á baixa nas inspeccións ordenadas a raíz de situacións de emerxencia
- No caso das instalacións sometidas á normativa de prevención e control integrados da contaminación, executáronse 870 controis cun resultado positivo, xa que o 70% melloraron o grao de cumprimento da súa autorización ambiental integrada
- Grazas á colaboración da Unidade de Policía Adscrita, que participou nos labores de vixilancia a actividades do sector residuos, constatouse unha redución dos puntos de vertedura incontrolada e unha mellora no tratamento dos refugallo perigosos
- Este ano entrou en vigor o programa de vixilancia ambiental 2025-2030, o terceiro que aproba o Goberno galego desde 2013, que incorpora un programa específico novo sobre xestores de residuos industriais para avanzar na economía circular

O Plan de inspección ambiental de Galicia 2019-2024 saldouse cunha media anual de 1.350 visitas de seguimento e control —8.125 en total— sobre diferentes tipos de instalacións e actividades susceptibles de afectaren negativamente a contorna e que se localizan ou desenvolven dentro do ámbito territorial da comunidade.

Así se recolle na memoria do referido plan, unha ferramenta de autoavaliación da que tomou razón hoxe o Consello da Xunta e que entre as súas principais conclusións sobre os resultados obtidos destaca que en 7 de cada 10 instalacións inspeccionadas en Galicia nestes 6 anos se constatou un alto grao de cumprimento da lexislación marco vixente.

Cómpre lembrar que dentro do ámbito de aplicación do Plan de inspección ambiental 2019-2024 está incluída calquera actividade industrial ou económica que poida causar algún tipo de afección ao ambiente e, polo tanto, á saúde das persoas.

Deste xeito, entre os lugares inspeccionados neste período hai empresas de distintos ámbitos (alimentación, agropecuario, madeira...), talleres, vertedoiros e outras instalacións agrupadas arredor de catro grandes áreas ou plans específicos de intervención: actividades sometidas a autorización ambiental integrada (AAI), control de traslado de residuos, vertedoiros e outras actividades que non requiren AAI.

Nestes últimos seis anos, o 80% das inspeccións realizadas (case 6.500) foron programadas previamente e as que non o foron, aquelas derivadas de emerxencias (por incendios, principalmente), rexistraron unha evolución descendente.

Este dato cobra especial relevancia tendo en conta que a propia lexislación ambiental obriga a que a actividade inspectora dea prioridade ás visitas programadas fronte ás non

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

programadas, tal e como está a facer Galicia, e avoga, ademais, por mellorar o seguimento ambiental das actividades industriais implantadas.

Grazas a este labor continuado e planificado da inspección ambiental de Galicia, de feito, as instalacións reaccionan rapidamente á emenda das desviacións que se atopan e cada vez están máis involucradas en introducir melloras ambientais e na avaliación de riscos, o que contribúe a evitar accidentes ou a diminuír os danos, en caso de se produciren.

Así mesmo, no marco do plan de inspección sobre instalacións sometidas á normativa de prevención e control integrados da contaminación (que requiren, polo tanto, AAI e teñen as maiores obrigas ambientais) cómpre destacar, como aspectos positivos, que das 870 instalacións deste tipo que foron inspeccionadas nos últimos anos, case 7 de cada 10 incrementaron o grao de cumprimento da súa autorización ambiental. Ademais, o 70% das desviacións detectadas foron pouco relevantes e sen afección ambiental.

Ademais, o persoal do Servizo de Inspección Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático segue mellorando en eficiencia —como demostra que atenderon todas as inspeccións urxentes en menos de 5 días— e actualizando a súa formación. Neste sentido, mantivo unha actividade moi elevada nas redes de inspección ambiental nacional (REDIA) e europea (IMPEL), coa participación en 13 grupos de traballo.

Por outra banda, no marco do plan específico de control de traslados de residuos leváronse a cabo 181 inspeccións en estradas interiores pero, sobre todo, na fronteira con Portugal, co apoio da inspección lusa, da Garda Civil e da Garda Republicana.

No caso das inspeccións sobre actividades que non requiren de autorización ambiental, realizáronse 925 controis entre 2019 e 2024, dos que se concluíu, por exemplo, que existe unha mellora na produción e xestión dos fluxos de refugallos perigosos na comunidade.

Por último, constatouse unha evolución positiva no cumprimento ambiental por parte dos distintos sectores obxecto de inspección —talleres, depósitos de chatarra, puntos limpos...— e unha diminución dos puntos de verteduras incontroladas (PVI) de residuos en toda Galicia, dous logros en que o persoal de inspección ambiental contou tamén coa colaboración dos axentes da Unidade da Policía Autonómica adscrita (UPA).

De feito, os programas específicos de investigación policial a cargo da UPA saldáronse con 5.989 inspeccións das que 4.000 se centraron na detección e seguimento de PVI, grazas ao cal se constatou que na súa maioría estes puntos foran emendados.

En total, nos seis anos de vixencia do plan de inspección, a Xunta iniciou preto de 1.100 expedientes sancionadores relacionados na súa maioría con actividades de residuos.

Novo plan de inspección ambiental

Para darlle continuidade ao traballo desenvolvido nos últimos seis anos, o Consello da Xunta aprobou a finais de xaneiro o novo Plan de inspección ambiental de Galicia 2025-

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

2030. Por primeira vez, este plan incluírá un programa específico para os xestores de residuos industriais co que se espera contribuír a promover unha política adecuada e eficaz neste eido. Ademais contará, como o anterior, con outros catro ámbitos de actuación en función do tipo de suxeito que se vaia vixiar: instalacións con autorización ambiental integrada, traslado de residuos, vertedoiros e outras actividades.

A través destes cinco plans específicos de traballo preténdese conseguir unha maior eficiencia no labor dos inspectores do Servizo de Inspección Ambiental da Consellería – que consta de 22 prazas–, comprobando que as distintas instalacións cumpren coa normativa sectorial vixente e centran os seus esforzos en evitar ou, cando isto non sexa posible, reducir e controlar a contaminación sobre os distintos vectores ambientais.

De forma complementaria, inclúese tamén un plan transversal de xestión da calidade da inspección ambiental que prevé, entre outras medidas, desenvolver dentro da plataforma dixital GAIA un módulo de seguimento e de novas funcionalidades na aplicación de inspección para aumentar a telematización, a transparencia e a relación directa cos interesados. Isto permitirá establecer indicadores para avaliar de forma áxil os resultados das inspeccións e favorecerá a dixitalización dos procedementos.

Cómpre lembrar que o Plan de inspección ambiental de Galicia 2025-2030 é o terceiro que aproba o Goberno autonómico desde 2013 de acordo coa normativa europea e nacional. Nel defínense as liñas estratéxicas que se deben seguir durante a súa vixencia, aínda que deberá desenvolverse a través de sucesivos programas anuais para ter un control sobre as actividades que se vaian implantando e as repercusións que poidan ter. Esta flexibilidade, de feito, é clave para adaptarse a posibles cambios, así como aos recursos dispoñibles en cada momento e á propia experiencia adquirida durante a súa execución.

No marco deste novo plan, fomentárase a telematización en materia ambiental, desenvolveranse visores ambientais e valorárase incorporar novos recursos técnicos destinados a facilitar a inspección, como poden ser drones, aplicacións ou equipamentos.

Galicia, referente en inspección ambiental

A experiencia e o camiño percorrido pola Comunidade galega en materia de inspección ambiental convértena nun referente, ao ser tamén unha das primeiras rexións europeas en contar cun Manual de inspección ambiental e coa certificación de Sistema de xestión de calidade (ISO 9001:2015), que constata a excelencia do servizo prestado.

Ademais, Galicia posúe un decreto de inspección ambiental que foi actualizado en 2020 para adaptalo ás novidades normativas dos últimos anos, e segue avanzando na implantación dos procedementos telemáticos e dixitais neste eido a través de GAIA, que dispón dunha aplicación específica na materia de acordo coas novas obrigas da Lei de residuos e solos contaminados para mellorar a rastrexabilidade no control dos refugалlos.

Cómpre ter en conta que os niveis de exigencia dos requisitos ambientais están marcados por directivas comunitarias e a vixilancia do seu cumprimento por parte daquelas actividades que se desenvolven en Galicia e son susceptibles de afectaren o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ambiente realízase de forma exhaustiva e programada, primando as instalacións obxecto de inspección e a súa frecuencia en función dunha análise de riscos.

Neste sentido, a Xunta defende que a correcta xestión ambiental dunha empresa é unha das claves da calidade final do produto, polo que aposta por actividades sustentables e comprometidas co contorno, á vez que traballa para manter a posición de referencia de Galicia na organización, cumprimento e resultados da inspección ambiental.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA COAS UNIVERSIDADES UN PROGRAMA PARA EMITIR PRETO DE 3.200 MICROCREDENCIAIS CO FIN DE MELLORAR A CUALIFICACIÓN DAS PERSOAS ADULTAS

- Diríxense a persoas de 25 a 64 anos e teñen como fin atender as necesidades de persoal formado das institucións e sectores produtivos, en prol da empregabilidade
- Poderán impartirse de xeito presencial, semipresencial ou virtual e deberán ser rexistrables na carteira dixital de Europass
- Unha parte da oferta deberá estar orientada a colectivos de persoas en vulnerabilidade social e ata o 25% do total dos estudantes poderán obter bolsas

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o desenvolvemento e execución dun programa de microcredenciais, cun orzamento total de máis de 2,6M€. O obxectivo é deseñar e emitir un total de 3.179 microcredenciais para persoas adultas a través de 53 accións formativas diferentes.

As microcredenciais son o rexistro dos resultados de aprendizaxe que adquiriu unha persoa seguindo unha pílula formativa de curta duración. A oferta estará orientada á recualificación da poboación de 25 a 64 anos, cumpridos na data do comezo do curso, e enfocada de forma explícita a resultados de aprendizaxe específicos. Para o seu deseño, as universidades realizarán unha prospección das necesidades de formación da poboación adulta, así como das necesidades dos sectores produtivos, das administracións e das entidades sociais.

O obxectivo final é que esta accións formativas faciliten a adquisición de coñecementos, habilidades e competencias concretas requiridas no mercado laboral, en prol da empregabilidade das persoas e da competitividade das empresas. O programa estará vixente ata o segundo trimestre de 2026.

As microcredenciais deberán adoptar a certificación dixital que posibilite a súa almacenaxe e visualización na carteira dixital do novo Europass, o Sistema europeo de credenciais dixitais que permite a portabilidade internacional de titulacións e diplomas baixo criterios de calidade, avaliación, orientación e recoñecemento, garantindo unha comprobación fluída da autenticidade dos datos.

Contidos e bolsas

As tres universidades públicas galegas poderán impartir esta formación de maneira presencial, semipresencial ou virtual, sempre cunha duración menor de 15 créditos ECTS. Os contidos e obxectivos destes cursos deberán responder a unha necesidade ou expresión de interese formal dalgunha empresa, administración pública, colexio profesional, asociación ou colectivo que xustifique a demanda dalgún sector produtivo para a formación ou recualificación dos seus profesionais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Unha parte da oferta deberá estar orientada a colectivos de persoas en vulnerabilidade social e necesidades formativas específicas, en colaboración con entidades sociais ou con administracións competentes en materia de acción social e migracións.

Ademais, as universidades poderán conceder bolsas ou axudas ás persoas con rendas baixas, situación de desemprego ou outros factores de vulnerabilidade social, para facilitar o acceso á recualificación. En concreto, para o 25% do alumnado a matrícula poderá ser gratuíta ou ter un custo inferior.

Distribución por universidades

Para a distribución da oferta entre aplícase o criterio de poboación de 25 a 64 anos nos concellos dos campus universitarios, coa seguinte distribución:

Universidades	Accións formativas diferentes	Microcredenciais que se emitirán	Orzamento
Universidade da Coruña	16	989	824.171,1 €
Universidade de Santiago	11	642	535.141,63 €
Universidade de Vigo	26	1548	1.289.903,27 €
Total	53	3179	2.649.216 €

Ao abeiro deste convenio, as tres universidades públicas galegas poderán subvencionar gastos como a contratación de persoal docente coa cualificación necesaria para o deseño, organización e produción de microcredenciais e para formar o profesorado que as imparta, así como os propios docentes que impartan as clases.

Tamén gastos en bens e servizos directamente vinculados coa produción das actividades formativas como o material inventariable e equipamento (por exemplo para a produción audiovisual de contidos virtuais) ou adquisición de material funxible, entre outros.

Así mesmo, serán subvencionables os custos asociados ás devanditas bolsas e as actividades de seguimento e avaliación para mellorar a futura formulación da oferta de microcredenciais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 2 M€ A APOIAR O TRABALLO DAS FEDERACIÓNS GALEGAS DE DOWN, SAÚDE MENTAL E AUTISMO

- Prevese atender unhas 12.000 persoas a través dos convenios de colaboración que se asinarán con estas entidades
- Financiaranse programas que desenvolven estas federacións en áreas como a atención temperá, a formación e o emprego ou os apoios para unha vida adulta e independente

O Consello da Xunta autorizou hoxe tres convenios de colaboración da Consellería de Política Social e Igualdade con outras tantas federacións do ámbito da atención a persoas con discapacidade por un orzamento total de máis de dous millóns de euros. As entidades beneficiarias destes acordos son Down Galicia, cun investimento de 1,2 millóns de euros, a Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Metal (Saúde Mental-Feafes Galicia), a que se destinan 665.430 euros, e Autismo Galicia, cunha achega de 175.331 euros.

A previsión é chegar con estes convenios a unhas 12.000 persoas. A través deles, o Goberno galego contribúe a financiar os gastos de persoal e os programas que desenvolven estas federacións, centrados fundamentalmente na promoción da autonomía persoal e na prevención e atención á dependencia.

Así, as iniciativas destas entidades abranguen áreas como a atención temperá, a formación e o emprego, os apoios para unha vida adulta e independente ou accións de sensibilización. O obxectivo é que as persoas que participan nos programas acaden o maior grao posible de autonomía nas actividades da vida diaria.

Estes convenios de colaboración enmárcanse no traballo conxunto que o Executivo autonómico desenvolve coas entidades sociais especializadas neste ámbito para garantir que as persoas con discapacidade e as súas familias teñan os recursos que necesitan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A PARTICIPACIÓN DAS EMPRESAS GALEGAS NAS ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EXTERIOR E APOSTA POLO SEU POSICIONAMENTO NOS MERCADOS INTERNACIONAIS

- O Goberno galego lanza unha nova convocatoria do programa Foexga, que suma 2,4 millóns, para promover accións de internacionalización en ata 400 pemes, impulsando misións empresariais directas ao estranxeiro, así como a participación en feiras ou noutros eventos expositivos
- De forma complementaria, actívase unha nova convocatoria do programa Galicia Exporta organismos intermedios na procura de incentivar a realización de accións de promoción exterior que xeren vantaxes competitivas na proxección e o posicionamento de empresas e organismos galegos nos mercados internacionais e que contará cun orzamento de 1,5M€
- Desde o ano 2014 destináronse máis de 28 millóns de euros a estas dúas liñas, con máis de 500 misións empresariais no marco do programa Foexga e máis de 1200 empresas participantes nas accións agrupadas ao amparo da liña Galicia Exporta organismos intermedios

No marco da aposta pola internacionalización do tecido produtivo galego, o Consello da Xunta coñeceu hoxe da próxima convocatoria do Programa Foexga, que destinará preto de 2,4 millóns de euros a accións de expansión internacional das empresas galegas. O obxectivo é impulsar, ao longo deste ano, máis de cen misións empresariais ao estranxeiro.

O programa, promovido pola Consellería de Economía e Industria a través do Igape, en colaboración coas cámaras de comercio galegas, busca favorecer a presenza exterior das empresas da comunidade. Espérase que arredor de 400 compañías participen en accións de promoción para fortalecer a súa imaxe nos mercados internacionais.

Nesta convocatoria, Foexga inclúe máis de 90 mercados prioritarios para a acción comercial, entre os que se atopan China, India, Israel, Xapón, Reino Unido, Alemaña, Dinamarca, Marrocos, Brasil, México, Costa Rica, Emiratos Árabes, Estados Unidos ou Canadá, así como outros países para os que se xustifique a idoneidade do mercado para as empresas galegas.

As accións previstas inclúen misións empresariais directas ao estranxeiro, así como participación en feiras e outros eventos expositivos. Estas iniciativas recibirán apoios do 70% dos gastos directos do proxecto, con ata un 7% adicional para cubrir custos indirectos, en réxime de concorrencia non competitiva.

Galicia Exporta organismos intermedios

Ademais, activarase unha nova convocatoria da liña Galicia Exporta organismos intermedios, que contará cun orzamento de 1,5 millóns de euros para fomentar a cooperación empresarial a través de accións conxuntas de promoción no exterior,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

coordinadas por agrupacións empresariais. Este apoio permitirá impulsar ata 200 accións de internacionalización en máis de 40 países, prevendo a participación de ata 180 pemes.

A través desta liña específica para proxectos colectivos, promoveranse actividades de difusión, participación en eventos internacionais e accións de prospección de mercados. A axuda máxima por solicitude e beneficiario poderá alcanzar os 400.000 euros.

Desde 2014, o Goberno galego destinou máis de 28 millóns de euros a estas dúas liñas de apoio, o que permitiu organizar máis de 500 misións empresariais a través do programa Foexga e facilitar a participación de máis de 1.200 empresas en accións conxuntas da liña Galicia Exporta organismos intermedios.

Tanto Foexga como Galicia Exporta organismos intermedios forman parte da Estratexia de internacionalización do Goberno galego, que contribuíu a que Galicia alcanzase un récord histórico en exportacións: máis de 31.000 millóns de euros no peche de 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁLLE LUZ VERDE Á LICITACIÓN DO PROXECTO PARA CONSTRUIR EN VIGO UN EDIFICIO DE 80 ALOXAMENTOS COMPARTIDOS E TEMPORAIS PARA MENORES DE 36 ANOS

- Continúa o impulso a estes inmobles no marco das políticas de vivenda da Xunta para ofrecer unha solución habitacional ás necesidades transitorias de residencia da mocidade; está en fase de contratación un en Santiago e a previsión doutro en Lugo
- Construirase un inmovble en Navia, en que os mozos e mozas poderán permanecer ata tres anos en réxime de alugueiro accesible
- A previsión é que o edificio conte con aproximadamente 80 vivendas, ademais de espazos comúns destinados ao traballo e lecer ou zona de lavandaría
- A Xunta licitará nas vindeiras semanas a redacción do proxecto e da dirección de obra deste inmovble por un orzamento que rolda os 445.000 euros
- No desenvolvemento desta iniciativa colaboran a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, quen asume a construción destes inmobles, e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, quen xestionará os aloxamentos

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación, por un orzamento que rolda os 445.000 euros, da redacción do proxecto e da dirección de obra para a construción en Vigo dun edificio de aloxamentos compartidos e temporais en alugueiro accesible, destinado á mozos e mozas menores de 36 anos.

O inmovble de promoción pública situarase na parcela M-V-6 de San Paio de Navia. Prevese en 80 o número de vivendas por construír, destinando o resto da superficie construída sobre rasante a espazos de servizo e de uso compartido. A superficie estimada construída sobre rasante será de 6.400 metros cadrados, dos que uns 4.500 m² se destinarán a aloxamentos e 1.900 aos citados espazos comúns.

Trátase de aloxamentos temporais, cun prazo de permanencia de ata tres anos, cos que a Xunta busca dar facilidades ás necesidades de emancipación da xente moza que accede ao seu primeiro traballo ou está a percibir bolsas de formación ou de investigación. O obxectivo é que poidan dispoñer duna alternativa residencial adaptada as súas necesidades e forma de vida e que favoreza que, unha vez superada esa primeira fase de incorporación ao mercado laboral, o acceso a unha vivenda, xa sexa libre ou protexida e permitan a substitución na ocupación do aloxamento que deixan.

Na edificación, ademais dos aloxamentos propiamente ditos, incluíranse espazos para servizos e usos comúns dos residentes, cuxa superficie suporá un 20 % da superficie construída sobre rasante. Así, o inmovble poderá contar cunha sala onde os residentes poderán traballar de forma individual ou colaborativa, que permitirá tamén o teletraballo; tamén cunha zona de usos múltiples para reunións, estancia ou para a realización de actividades diversas como ximnasio, celebración de eventos e zona de lavandaría.

O programa complétase cun garaxe para aparcadoiro de automóviles, unha zona de aparcadoiro de bicicletas e un rocho por aloxamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé licitar o contrato nas vindeiras semanas.

Vigo e Santiago

A figura destes aloxamentos protexidos foi creada a través da Lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, de acompañamento aos orzamentos de 2025, e supón unha alternativa residencial ao uso de vivenda; pretende resolver, de forma transitoria, as necesidades de aloxamento das persoas mozas. No desenvolvemento desta iniciativa colaboran a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, quen asume a construción destes inmobles, e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, quen xestionará posteriormente os aloxamentos.

Con esta medida, o Goberno galego continúa traballando para ofrecer unha solución habitacional ás necesidades transitorias de residencia da mocidade, para axudala no seu proceso de emancipación. Neste eido, cómpre lembrar que neste momento a Xunta está a avaliar as ofertas presentadas para impulsar a construción en Santiago de Compostela do primeiro edificio de aloxamentos destas características na parcela de Xoán XXIII. Tamén se prevé impulsar na cidade de Lugo este tipo de aloxamentos.

Trátase das primeiras promoción destas características en Galicia e as edificacións, unha vez rematadas, incrementarán o parque público de edificios destinados a satisfacer as necesidades residenciais da poboación, complementando a oferta de vivendas de promoción pública en Galicia en xeral, e en Vigo e Santiago de Compostela en particular.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O CLÚSTER DA CONSTRUCCIÓN COLABORAN NA ELABORACIÓN DUN PLAN DE ACCIÓN PARA O IMPULSO DA CONSTRUCCIÓN INDUSTRIALIZADA EN GALICIA

- O obxectivo do Goberno galego é dispor da folla de ruta para a transformación do sector, así como dun plan director da industria da construción
- No marco deste acordo sentaranse as bases para a paulatina incorporación de sistemas de construción industrializada nas obras de construción de vivenda
- O convenio autorizado hoxe polo Goberno galego, en que participan as consellerías de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, e de Economía e Industria, suporá un investimento autonómico de algo máis de 335.000 euros

A Xunta e o Clúster da Construción colaborarán na elaboración dun plan de acción para o impulso da construción industrializada en Galicia, que constitúa a folla de ruta que seguir para a transformación do sector, así como un plan director da industria da construción, sector declarado estratéxico no Consello da Xunta do pasado 17 de febreiro.

Trátase de sentar as bases para a paulatina incorporación de sistemas de construción industrializada nas obras de construción de vivenda na Comunidade Autónoma para o que o Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe á sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), a Consellería de Economía e Industria, e a Fundación Galicia Constrúe, Clúster da Construción.

O convenio autorizado polo Executivo autonómico suporá un investimento da Xunta de algo máis de 335.000 euros e terá vixencia desde o día seguinte ao da súa sinatura e ata finais de 2026.

O sector da construción en Galicia enfronta importantes desafíos que requiren unha transformación profunda para garantir a súa sustentabilidade e competitividade a longo prazo. Neste contexto, a aposta da Xunta pola adopción da construción industrializada preséntase como unha solución clave para satisfacer estas necesidades, máxime no momento actual, onde ten especial relevancia a construción orientada ao ámbito residencial, obrigando ao sector a encarar un reto importantísimo, tanto para axilizar a construción de novas vivendas que permitan incrementar a oferta e atender, deste xeito, as necesidades de vivenda de moitos sectores da sociedade, especialmente da mocidade, como no ámbito da rehabilitación.

Ademais, a Xunta quere apoiar a tamén o imprescindible fomento da modernización do sector da construción, abordando os desafíos de sustentabilidade, eficiencia e competitividade que require o mercado actual. Esta modernización debe ter como base o impulso da construción industrializada, co obxectivo de reducir tempos e custos, mellorar a calidade, aumentar a rastrexabilidade e propoñer solucións que respondan ás demandas sociais e ambientais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Todo este proceso debe estar aliñado coas políticas públicas de creación de vivenda pública, rehabilitación de calidade e innovación tecnolóxica promovidas pola Xunta, e dá sentido á colaboración co Clúster da Construción a que se deu hoxe luz verde.

O convenio

Así, no convenio establécense as bases do marco desta cooperación, en que se establecen dous grupos de traballo, un para o establecemento da folla de ruta que seguir para a transformación do sector da construción, e outro para a elaboración do plan director da industria da construción.

En concreto, o grupo de traballo I estará integrado por persoal do IGVS e do Clúster da Construción, e nel poderase dar entrada a outras entidades do sector da construción, aos colexios profesionais e á Escola Técnica Superior de Arquitectura de Galicia.

A través deste grupo de traballo I, e seguindo as propostas que poida realizar a sección técnica do Observatorio da Vivenda de Galicia, levarase a cabo o desenvolvemento dos seguintes instrumentos: mapa de capacidades da construción industrializada, Plan de fomento da industrialización e a elaboración de guías complementarias que sirvan de apoio para o modelo de fomento da construción industrializada na cadea de valor.

Ao tempo, corresponde ao grupo de traballo II, integrado por persoal da Consellería de Economía e Industria, IGVS e Clúster da Construción, levar adiante as actuacións correspondentes á elaboración do plan director da industria da construción, no cal, partindo da situación actual do sector, se perfilarán as tendencias de proxección a futuro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE OIA NA REFORMA DO CONTORNO URBANO DO MERCADO DE ABASTOS, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE CASE 290.000 €

- As obras prevén a remodelación integral do contorno contiguo ao edificio do mercado de abastos, mediante a intervención nos acabamentos, mobiliario, sinalizacións e iluminación
- Proxéctase, ademais, a creación de novos espazos: unha horta urbana, unha terraza, un espazo para residuos e unha zona de aparcadoiro de bicicletas
- As intervencións forman parte do Plan Hurbe, programa do Goberno galego para apoiar ás administracións locais no financiamento de diferentes tipos de intervencións urbanísticas
- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asume o 70% do orzamento, máis de 200.000 euros, contratará e executará as obras
- O Goberno galego aposta polo desenvolvemento dos núcleos rurais como motores de dinamización, ao convertérense en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio

O Consello da Xunta acaba de autorizar o acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Oia para executar as obras de reforma no contorno urbano do mercado de abastos do municipio pontevedrés, que suporán un investimento de 287.963 euros.

A intervención obxecto deste convenio da Xunta enmárcase no coñecido Plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego co fin de axudar ás administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas; neste caso, a obra céntrase na reforma integral do contorno contiguo ao edificio do mercado de abastos, mediante a intervención nos acabamentos, mobiliario, sinalizacións e iluminación.

A actuación prevista baixo o convenio autorizado hoxe esténdese ao treito da beirarrúa do contorno do mercado de abastos, integrándoa no deseño urbano proposto, sen entrar na calzada, no aparcadoiro nin nas sinalizacións.

Proxéctase, ademais, a creación de novos espazos: unha horta urbana, unha terraza, un espazo para residuos e unha zona de aparcadoiro de bicicletas.

Así mesmo, no marco das actuacións prevese a renovación das instalacións de servizos: rede pluvial, saneamento, abastecemento de auga, electricidade e iluminación, incluíndo as acometidas.

Proponse tamén un sistema de reutilización da auga pluvial e o soterrado das liñas aéreas eléctricas e de telefonía, con realización de arquetas e canalizacións.

O convenio

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego cofinanciará nun 70% estas intervencións, achegando un investimento de 201.574 euros, contratará e executará as obras.

O Concello de Oia achegará o 30% restante do custo das actuacións, 86.389 euros; redactará o proxecto das obras, realizará as xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, e comprométese á recepción, mantemento e conservación das actuacións que incorporará ao patrimonio público municipal.

Baixo este acordo autorizado hoxe polo Executivo autonómico, a Xunta segue impulsando a continuada colaboración coas entidades locais para a execución de obras e outras actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Ademais, a través doutras medidas e liñas de colaboración como este Plan Hurbe, o Goberno galego contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade como motores de dinamización, ao convertérense en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

Infografía da actuación obxecto do convenio autorizado hoxe no Consello da Xunta:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO PARA DESENVOLVER ÁMBITOS EN VIGO E VILAGARCÍA ONDE CONSTRUIR CASE 1.800 VIVENDAS

- O Consello da Xunta dá luz verde á contratación da redacción do PIA, do proxecto de expropiación e de parcelamento para a obtención de 20,1 hectáreas de solo en Vigo e Vilagarcía, destinado maioritariamente á construción de vivendas protexidas
- O ámbito que se desenvolverá en Vigo é o de Cantabria-Ramón Nieto-Santa Cristina, de 13,9 ha, onde se poderán construír 1.392 vivendas
- En Vilagarcía, o ámbito que se desenvolverá é o comprendido entre a avenida Carolinas e as rúas Coca e Arealonga, de 6,2 ha, onde se poderán construír 350 vivendas
- A licitación autorizada polo Consello enmárcase na Estratexia galega de solo residencial que ten en marcha a xunta para desenvolver solo en que facilitar a construción de 25.000 vivendas en Galicia, 20.000 protexidas e 5.000 libres
- O contrato sairá a concurso por un orzamento de 568.911€

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación, por un orzamento de 568.911€, do servizo de redacción do proxecto de interese autonómico (PIA), do proxecto de expropiación e de parcelamento para a obtención de 20,1 hectáreas de solo nos concellos de Vigo e Vilagarcía de Arousa, destinado maioritariamente á construción de vivendas protexidas.

Este novo contrato enmárcase na Estratexia galega de solo residencial, que ten en marcha a Xunta, co obxectivo de desenvolver solo en que facilitar a construción de 25.000 vivendas en Galicia, 20.000 protexidas e 5.000 libres. Xa está en marcha a primeira fase, coa contratación dos PIA para desenvolver sete ámbitos en Pontevedra, Vigo, Ourense, Lugo, Ourense, Arteixo e A Coruña, onde se prevé urbanizar solo en que construír as primeiras 15.000 vivendas.

A Xunta suma agora dous novos ámbitos, elixidos en consenso cos respectivos concellos, cunha superficie total de 20,1 hectáreas, nos concellos de Vigo e Vilagarcía de Arousa, onde se poderá construír un total de 1.742 vivendas

No que atinxe ao municipio de Vigo, trátase do ámbito do SUB 403 comprendido entre as rúas Cantabria, Ramón Nieto e Santa Cristina, dun total de 13,9 hectáreas. Nesta contorna a previsión é construír 1.392 vivendas. A redacción do PIA sairá a licitación cun orzamento de 333.624€

E en Vilagarcía o ámbito escollido é o comprendido entre a avenida das Carolinas e as rúas Coca e Arealonga, de 6,2 hectáreas, cunha estimación de 350 fogares. Neste caso, a redacción do proxecto de interese autonómico sairá a contratación por un orzamento de 235.286€

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ámbito Vigo SUB 403 Cantabria – Ramón Nieto – Santa Cristina

- Superficie: 139.150,00 m²
- Estimación do número de vivendas: 1.392 vivendas



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ámbito Vilagarcía de Arousa

- Superficie: 62.942,59 m²
- Estimación do número de vivendas:- 350 vivendas



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA IMPULSA UN SISTEMA PIONEIRO A NIVEL MUNDIAL PARA A ADQUISICIÓN DE VACINAS EN FUNCIÓN DOS SEUS RESULTADOS EN SAÚDE E DA SÚA EFECTIVIDADE REAL

- Rueda resalta que se consigna unha partida de “máis de 7,2 M€” para a adquisición de vacinas antigripais de alta carga para a próxima campaña de inmunización
- Será a primeira compra de vacinas fronte á gripe na modalidade de acordo de risco compartido baseado en resultados, que permite axustar o prezo das doses en función da súa capacidade para reducir as hospitalizacións
- Salienta que a Xunta “ampliara á poboación de entre 70 e os 79 anos” a administración desta vacina reforzada que xa se viña subministrando a partir dos 80 anos e a maiores de 60 con praza en residencia
- A poboación que será inmunizada coa vacina de alta carga incrementarase en 220.000 persoas, acadando as 540.000

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que Galicia “vai ser a primeira rexión a nivel mundial” en impulsar un sistema de adquisición de vacinas que teña en conta “os resultados e a efectividade real nos pacientes” do fármaco.

Para iso, o Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do acordo para a primeira compra de vacinas fronte á gripe de alta carga na modalidade de acordo de risco compartido, que se basea en acadar resultados en saúde e que permite axustar o prezo das vacinas en función da súa capacidade para reducir as hospitalizacións. “Vanse destinar máis de 7,2 millóns de euros a esta compra”, indicou o presidente.

Esta adquisición supón un novo fito para o sistema sanitario público galego, ao tratarse da primeira compra de vacinas reforzadas en que se terán en conta os resultados en saúde que se obteñan na nosa comunidade, en termos de diminución no número de hospitalizacións por gripe ou pneumonías derivadas dela, en comparación coa vacina estándar (tetraivalente).

O sistema sanitario público galego será, deste xeito, o primeiro a nivel mundial en adquirir este tipo de terapias de inmunización en función do valor real que chega á poboación, dos seus resultados en saúde e á efectividade demostrada para reducir as hospitalizacións.

Galicia pode abordar este modelo de contratación pioneiro grazas á implantación, hai xa catro anos, dunha liña de traballo en materia de saúde pública dedicada á investigación traslacional, na cal se engloba o ensaio clínico pragmático coa vacina de alta carga GALFLU.

Así mesmo, o alto nivel de dixitalización que posúe o sistema de saúde galego posibilita a análise, a investigación e a comparativa de resultados dun xeito áxil.

A sanidade galega destaca a nivel internacional polas súas medidas pioneiras en prevención, dando agora un salto cualitativo e innovador nos modelos de xestión para

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

adquisición de vacinas. Así, tal e como explicou Rueda, con esta medida, Galicia “segue a dar pasos pioneiros para reforzar o calendario de vacinación” que xa é o mais completo do mundo.

Vacina reforzada, ampliación da poboación albo

Rueda explicou que esta nova contratación leva consigo tamén a ampliación da poboación diana a que se lle subministra a vacina antigripal reforzada de alta carga e, a partir da vindeira campaña, inmunizarse tamén a poboación xeral con idades comprendidas “entre os 70 e os 79 anos”.

Ata o de agora, a vacina reforzada fronte á gripe estaba a ser administrada a persoas de 60 ou máis anos con praza en centro sociosanitario e á poboación xeral de 80 e máis anos. Agora rebaixarase a idade, inmunizando tamén coa vacina de alta carga fronte á gripe as persoas entre os 70 e os 79 anos.

Deste xeito, a poboación albo incrementarase en 220.000 persoas, pasando das 320.000 actuais ata as 540.000 persoas.

A Xunta, a través da Consellería de Sanidade, avoga por incrementar a protección das persoas maiores e, pola súa vez, pola innovación e a posta en marcha de programas baseados en valor e resultados en saúde.

Nesta liña, o compromiso da Xunta coa prevención mantense firme, ao multiplicar por 2,4 o orzamento destinado ao Programa galego de vacinación nos últimos anos, pasando dos 16,6 millóns de euros investidos en 2020 aos 41 millóns de euros do presente exercicio.

Acordos de risco compartido

O cambio de paradigma nas terapias para inmunización fai necesaria unha xestión innovadora baseada en acordos de risco compartido que teñan en conta os resultados en saúde.

Neste senso, os acordos de risco compartido son modalidades de contrato individuais entre un fabricante (industria farmacéutica) e un comprador público ou privado, en virtude do cal os prezos non só dependen das unidades vendidas, senón tamén da consecución dunha serie de obxectivos previamente acordados en termos de efectividade, eficiencia e/ou impacto orzamentario. Deste xeito, os riscos financeiros e clínicos distribúense entre os fabricantes e o comprador, promovendo unha corresponsabilidade nos resultados obtidos.

Na actualidade existen dúas modalidades principais de acordos de risco compartido. Por unha banda, a modalidade na que se axusta o prezo dos produtos en función da cantidade que se adquirirá e, pola outra, un tipo de acordo onde o financiamento dun produto ou tecnoloxía está vinculado á obtención de resultados en saúde concretos e predefinidos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Malia existiren experiencias de acordos de risco compartido vinculadas, sobre todo, ás terapias oncolóxicas e ás enfermidades raras, ata o de agora non existía ningunha no ámbito das terapias de inmunización. Así, o sistema sanitario público galego pasa a ser o primeiro do mundo en realizar unha compra de vacinas mediante esta modalidade de contrato baseado nos resultados en saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DO HOSPITAL UNIVERSITARIO DA CORUÑA E DO ABENTE Y LAGO POR UN IMPORTE DE 26,1 M€

- O contrato establece que o servizo deberá atender unha superficie de 94.859 metros cadrados, dos que máis de 80.000 corresponden ao Hospital Universitario da Coruña e máis de 14.000 ao Abente y Lago
- O obxectivo é garantir os niveis de calidade e xestión da limpeza, posibilitando a correcta prestación asistencial aos pacientes e usuarios
- A vixencia do contrato é de 24 meses e poderá ser prorrogado 12 meses máis

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación, por parte do Servizo Galego de Saúde, cun importe de 26.190.453 euros e un período de dous anos, do servizo de limpeza do Hospital Universitario da Coruña e do Abente y Lago, centros dependentes da Área Sanitaria da Coruña e Cee. O contrato prevé a posibilidade de prórroga por 12 meses máis, acadando neste caso un valor estimado de 36,7 millóns de euros.

Con esta contratación búscase garantir os niveis de calidade, especialización, supervisión, coordinación e xestión da limpeza, acordes coa importancia do propio proceso de saúde que se leva a cabo nos centros hospitalarios onde se van desenvolver os servizos obxecto deste contrato, posibilitando a correcta prestación asistencial aos pacientes e aos usuarios.

O contrato abrangue a limpeza dos inmobles, tanto os seus exteriores como interiores, e todas as súas dependencias, que inclúen os locais, patios interiores, azoteas, galerías de servizos, rúas, aparcadoiros, xardín, urbanización, oficinas, ascensores, cristais, etc., para que todas as instalacións se atopen nun estado óptimo.

Considéranse expresamente incluídos no contrato os gastos de persoal e a subministración de todos os materiais e produtos químicos de limpeza e desinfección necesarios. Igualmente, o adxudicatario deberá achegar e manter todos os instrumentos (carros de limpeza, de lixo, de roupa sucia); utensilios (cubos, fregonas, etc.) e maquinaria (varredoras, aspiradoras, fregadoras industriais, elementos de seguridade, etc.) necesarios para a correcta prestación do servizo.

Tamén se inclúen os uniformes de traballo, equipamento de protección e medios de seguridade necesarios, segundo a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais, así como transporte de equipamentos, produtos e residuos necesarios para a prestación do servizo.

Respecto da anterior licitación, realizada no ano 2022, este contrato amplía o número de metros de superficie que limpar e o número de traballadores precisos para o desenvolvemento do servizo, debido á redución de xornada da Consellería de Sanidade aplicable a partir de xullo de 2023, onde se actualizan as retribucións dos distintos grupos de traballadores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A superficie obxecto do contrato ascende a 94.859 metros cadrados, dos que máis de 80.000 corresponden ao Hospital Universitario da Coruña e máis de 14.000 ao Abente y Lago.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ADXUDICA POR PRETO DE 1 M€ A MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN DO CGAC

- Os traballos están dirixidos a optimizar as condicións de temperatura e humidade para a conservación axeitada das obras e do benestar dos visitantes
- O Executivo autonómico destina fondos europeos a esta intervención, que conta cun prazo de execución previsto de seis meses
- Esta actuación forma parte do plan da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude de mellora e modernización dos equipamentos culturais de todo o territorio galego

O Goberno galego acaba de licitar, por valor de 967.946€, o proxecto de reforma das instalacións de climatización do Centro Galego de Arte Contemporánea, co obxecto de optimizar as condicións de temperatura e humidade, tanto para garantir a conservación axeitada das obras como para favorecer o benestar das persoas visitantes. Así se recolle no acordo para o inicio destas actuacións, do que se deu conta hoxe no Consello da Xunta, e cuxo prazo de execución previsto é de seis meses.

Estas obras forman parte do plan da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude de mellora e modernización dos equipamentos culturais para ofrecer un servizo de calidade á sociedade. O caso concreto das obras que se van acometer no Centro Galego de Arte Contemporánea, financiadas nun 60% co Programa Galicia Feder 2021-2027, son de grande importancia, xa que se trata dun dos centros culturais de referencia de Galicia, do que cómpre salientar o crecemento e consolidación rexistrado ao longo dos seus máis de 30 anos de existencia.

Precisamente, os traballos están encamiñados a solucionar as deficiencias xurdidas co paso do tempo no inmovible e a dotalo das condicións de temperatura e humidade axeitadas, tanto para a conservación das obras de arte como para o benestar dos visitantes. Con este obxectivo, renóvanse tanto os elementos de produción de calor, frío, humectación ou secado de aire, como das conducións de aire. Así mesmo, as actuacións buscan garantir o bo funcionamento de todos os equipamentos e o cumprimento da mellora da eficiencia enerxética en edificios públicos.

O Centro Galego de Arte Contemporánea

O edificio que alberga o Centro Galego de Arte Contemporánea foi deseñado no ano 1988 polo recoñecido arquitecto portugués Álvaro Siza e inaugurado o 29 de setembro de 1993. Desde os seus inicios, o espazo acolleu exposicións de artistas recoñecidos internacionalmente e outras dedicadas a difundir a arte galega, incluíndo tanto autores consagrados coma emerxentes.

Desde 1995 conta cunha colección permanente enriquecida coa incorporación de obras procedentes do contexto galego e internacional. Ademais das mostras, funciona como un importante centro multidisciplinar de dinamización da cultura onde se celebran ciclos, conferencias, propostas escénicas e musicais ou obradoiros, entre outras iniciativas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 320 M€ A IMPULSAR O COMERCIO LOCAL A TRAVÉS DO NOVO PLAN ESTRATÉXICO DO SECTOR

- Salienta que Galicia conta “con 32.000 establecementos comerciais que dan emprego a unhas 107.000 persoas”
- Asegura que o obxectivo do Plan estratéxico 2025-2030 é consolidar ao comercio galego coma un sector “forte, moderno, atractivo, sostible e de calidade”
- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración destaca que se busca “blindar a súa competitividade e o futuro” do sector a través de máis de 70 accións como crear unha gran marca do comercio galego ou recuperar as contornas comerciais de localidades senlleiras
- Tamén busca impulsar unha experiencia de compra diferenciada, avanzando na profesionalización dos centros comerciais abertos e promovendo a excelencia das prazas de abastos e as súas sinerxías coa contorna
- A conexión coa mocidade é outra grandes pancas do Plan, fomentando o seu achegamento a través programa ‘Localízate’ e promovendo as novas vocacións emprendedoras para garantir a remuda xeracional co apoio da rede de polos
- O Plan tamén inclúe medidas para avanzar na recuperación de oficios tradicionais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou o Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030, dotado de máis de 320 M€ e co que se busca “modernizar, visibilizar e mellorar a competitividade do pequeno comercio”.

Trátase dunha planificación para os vindeiros anos que recolle 74 accións específicas para promover un sector clave para a economía galega. Tal e como explicou o presidente, Galicia conta “con máis de 32.000 establecementos” comerciais —é a quinta comunidade con maior número— que dan emprego “a unhas 107.000 persoas” e que son fundamentais “para dinamizar vilas e cidades”.

Rueda resaltou que o obxectivo é poñer en marcha un paquete de medidas para consolidar o comercio galego “coma un sector forte, moderno, sostible, atractivo e de calidade”. Pola súa banda, o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, salientou que este Plan “busca blindar a competitividade e o futuro” do comercio local na comunidade.

O conselleiro fixo fincapé en esta folla de ruta absolutamente estratéxica foi froito dun intenso proceso participativo con todo o sector —realizado en colaboración coa Federación Galega de Comercio— no que a Xunta “colaborou con máis de 300 representantes” de federacións e asociacións de comerciantes, centros comerciais abertos, prazas de abastos, venda ambulante, grandes superficies, artesás, autónomos, cámaras de comercio, persoas consumidoras e Administración local.

O Plan conta cunha batería de ambiciosas medidas para garantir o seu futuro, grandes accións de visibilidade e dinamización, como —tal e como explicou o conselleiro— “a creación dunha marca unificada do comercio galego” que contribúa a transmitir a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

calidade e o servizo que presta ou a aposta pola “recuperación de contornas comerciais urbanas de localidades senlleiras” co proxecto singular *Vilas vivas*.

A planificación tamén pon o foco de xeito prioritario en potenciar o traballo de importantes axentes do sector para “impulsar experiencias de compra diferenciadas”, como é o caso dos centros comerciais abertos —avanzando na súa profesionalización e rexistro e potenciando a excelencia das propostas— e das prazas de abastos, como auténticos motores do territorio e magníficos escaparates do mellor produto galego de calidade, promovendo o selo *Mercados excelentes* ou sinerxías cos restaurantes das súas contornas a través da iniciativa *Prato de mercado*.

A conexión coa mocidade tamén figura como unha das grandes pancas do Plan e faíno nunha dobre vía: por unha banda, con accións específicas como a campaña *Localízate*, dirixida a que este colectivo xere vencellos de valor co comercio de proximidade; e, pola outra, prestixiando a actividade comercial para espertar novas vocacións emprendedoras que garantan a necesaria remuda xeracional, favorecendo que se sustenten en proxectos sólidos e viables e que avancen na especialización segundo a evolución dos clientes e das propias necesidades do territorio en que se asentán.

Nun escenario marcado polas novas tendencias de consumo e polos desafíos globais dun mercado hiperconectado, este plan marca un novo fito no esforzo continuado do Goberno galego neste ámbito.

Unha aposta pola formación e a remuda

Entre as diferentes medidas para impulsar a competitividade do sector —o primeiro dos eixes do plan aprobado hoxe no Consello— o documento oríéntase a aspectos clave como o fomento da dixitalización —tendo en conta accións pioneiras como a creación de espazos de demostración tecnolóxica para os comerciantes nos recintos feirais de Galicia—, a aposta pola modernización dos espazos comerciais como ferramentas atractivas de venda en si mesmas ou o incremento da capacitación profesional, coa posta en marcha, por exemplo, de microformacións dixitais en temáticas moi específicas de interese para o día a día dos negocios ou dun plan de formación para os xerentes dos centros comerciais abertos e prazas de abastos.

Tamén neste eixo se artellan accións específicas en prol do emprendemento e da pervivencia de negocios rendíbles, promovendo sinerxías coa Rede de polos e buscando atraer o talento de perfís estratéxicos como a mocidade e os galegos retornados. Garantir a remuda tamén é un dos grandes obxectivos para Artesanía de Galicia, buscando a recuperación dos oficios tradicionais con novas iniciativas como as bolsas de aprendices en paralelo ao programa *Aprender da tradición*.

No que respecta ao segundo dos eixes, orientado a promover a visibilidade e o consumo no comercio local —e xunto con medidas estrela como os bonos Activa comercio ou as xas mencionadas *Vilas vivas*, *Prato de mercado* e *Localízate*—, destaca tamén a colaboración nas Áreas Rexurbe, centrado na recuperación de conxuntos históricos de vilas e cidades galegas. Tamén se recollen medidas en prol doutras figuras clave do comercio galego, como o comercio ambulante —coa promoción do distintivo de calidade

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Feiras de Galicia— e os obradoiros artesanais —estimulando diferentes vías de comercialización de Artesanía de Galicia e artellando novos programas de divulgación como *Artesanía na escola*.

Reforzo da coordinación do sector

Finalmente, o Plan, a través do seu terceiro eixe, consolidará un modelo activo baseado no coñecemento e na participación de todo o sector. Con ese motivo, crearase a nova Mesa do Comercio Galego, instrumento clave para a axeitada colaboración de todo o ecosistema e das administracións públicas, en paralelo ao traballo que xa se realiza a través das mesas locais de comercio, cuxo papel se seguirá intensificando. Tamén se promoverá a colaboración interinstitucional en prol do comercio coa Fegamp, as cámaras de comercio e os recintos feirais. Adicionalmente, reforzarase o labor do Instituto Galego do Consumo e da Competencia a favor dos dereitos das persoas consumidoras e, por tanto, da calidade dos servizos do sector comercial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A SÚA COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS CUN NOVO CONVENIO PARA A XESTIÓN DA BIOMASA DOTADO CON 12,25 M€ PARA 2025

- O Consello da Xunta acordou aprobar un novo convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e Seaga ante os bos resultados obtidos ata o momento, cunha superficie xestionada nas faixas secundarias do 70%
- Ao anterior acordo de cooperación adheríronse un total de 288 concellos, é dicir, o 92% dos municipios galegos
- Dende 2021, revisáronse máis de 2,3 millóns de parcelas en toda Galicia, o que supón unha superficie dunhas 171.000 hectáreas

O Consello da Xunta acordou a sinatura dun novo convenio xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias, as máis próximas ás vivendas, subscrito entre a Consellería do Medio Rural, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a empresa pública de Servicios Agrarios de Galicia (Seaga) en materia de prevención e defensa contra incendios. Así, este novo acordo está dotado cun orzamento de 12.250.000 euros, dos cales 7,75 millóns son achegados pola Consellería e os 4,5 restantes por parte do Fondo de Cooperación Local correspondente ás entidades locais para levar a cabo as actuacións no marco do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Neste senso, cabe lembrar que a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece o procedemento para a xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas e indica que son as persoas propietarias as que teñen a obriga de manter xestionadas as franxas secundarias e, de non ser así, será o organismo municipal o que proceda á súa execución de forma subsidiaria.

As actuacións obxecto deste convenio son a colaboración técnica para a revisión ou modificación do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, así como a cooperación entre a Administración autonómica e os concellos para o exercicio das competencias destes últimos en materia de execución subsidiaria das obrigas da xestión de biomasa e para a retirada de especies arbóreas prohibidas.

Neste sentido, prevense actuacións de xestión de biomasa derivadas da tramitación de procedementos de execución subsidiaria, ata un máximo de 10 hectáreas por concello e ano; actuacións en vías de titularidade municipal, ata un máximo de 12 quilómetros por concello e ano; apoio técnico nos labores de inspección de parcelas para verificar o cumprimento das obrigas; colaboración no envío de notificacións ou na publicación no BOE e DOG dos incumprimentos detectados na inspección de parcelas; e execución de actuacións preventivas planificadas pola Dirección Xeral de Defensa do Monte distintas das derivadas dos plans municipais.

288 concellos galegos adheridos ao anterior convenio

No ano 2018 asinou o anterior convenio de xestión de biomasa nas redes de faixas secundarias, que finalizou o 31 de decembro de 2024, e ao que se adheriron un total de 288 concellos -o que representa o 92% dos municipios totais-, o que evidencia a boa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

acollida entre as entidades locais. Desde o ano 2021 ata 2024 inspeccionouse o estado de xestión da biomasa en 2.337.790 parcelas, o que supón unha superficie de 171.389 hectáreas.

Este sistema busca contribuír e garantir a prevención de incendios forestais, para que deste xeito se acade unha diminución do número de lumes nas zonas de interface urbano-forestal, o que repercute no interese público polo que supón para a seguridade das persoas e dos bens.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSTITUIRÁ 16 BRIGADAS EN CATRO MANCOMUNIDADES MUNICIPAIS DA PROVINCIA DE OURENSE PARA MELLORAR A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

- No marco do protocolo de colaboración coa Deputación Provincial de Ourense, conformaranse brigadas para as mancomunidades de Ribeiro, Terras de Celanova, comarca de Carballiño e comarca de Verín, cun orzamento de preto de 1,3 millóns de euros
- Executarán actuacións en materia de vixilancia e defensa de lumes, así como labores de prevención, tanto de xeito manual como mecanizado, e desenvolverán estas tarefas durante seis meses, desde o 15 de abril ata mediados do mes de outubro deste mesmo ano

A Consellería do Medio Rural, no marco do protocolo coa Deputación Provincial de Ourense, constituirá 16 brigadas nas mancomunidades municipais de Ribeiro, Terras de Celanova, comarca de Carballiño e comarca de Verín para afondar na prevención de incendios forestais nesta provincia, a través dun investimento de preto de 1,3 millóns de euros. Así o recolle o proxecto de acordo elevado hoxe ante o Consello da Xunta. Con este investimento as mancomunidades municipais poderán financiar os gastos derivados da constitución das brigadas.

Estas brigadas, que estarán conformadas por catro ou cinco compoñentes, executarán actuacións en materia de vixilancia e defensa de lumes, así como labores de prevención, tanto de xeito manual como mecanizado. Desenvolverán estas tarefas durante seis meses, desde o 15 de abril ata mediados do mes de outubro deste mesmo ano.

A constitución destas brigadas está enmarcada no protocolo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Deputación de Ourense para o desenvolvemento de actuacións conxuntas dirixidas ao mantemento e á conservación de infraestruturas preventivas e da contorna agroforestal para a prevención e defensa contra os lumes forestais nesta provincia.

Este protocolo conta cun orzamento de 4,1 millóns de euros para esta anualidade e, ademais de incluír a composición destas brigadas, comprende a adquisición de 12 tractores con rozadoras e de maquinaria motoniveladora e a achega de catro máquinas hidrostáticas polivalentes destinadas á prevención e extinción nestas catro mancomunidades. Asemade, darase formación especializada ao persoal municipal e ás mancomunidades a través do Centro Integral de Loita contra o Lume de Toén.

O protocolo de colaboración coa Deputación de Ourense baséase no feito de que as entidades locais teñen atribuídas competencias en materia de protección do ambiente, protección civil, prevención e extinción de incendios e conservación de camiños e vías rurais, segundo o disposto nas leis de administración local de Galicia e reguladora das bases de réxime local. Así, de acordo co previsto nesta última, correspóndelle á provincia asegurar a prestación integral e adecuada, na totalidade do territorio provincial, dos servizos de competencia municipal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SIMPLIFICA O ACCESO ÁS AXUDAS FEMPA PARA REFORZAR OS RECURSOS DA PESCA ARTESANAL, CUXA CONVOCATORIA DE 2025 ESTÁ DOTADA CON MÁIS DE 5M€

- Co obxectivo de que estas achegas cheguen ao maior número de pesquerías, e que supoñen un 7,4% máis que na edición anterior, os beneficiarios estarán exentos da presentación do aval ou garantía dos pagamentos á conta
- Esta liña de subvencións, prevista para este e o vindeiro exercicio, dan cumprimento ao mandato europeo de apostar pola sustentabilidade na explotación dos recursos desta modalidade pesqueira
- Serán proxectos subvencionables os relacionados co desenvolvemento e vixilancia de medidas que garantan a actividade a longo prazo e que melloren o coñecemento sobre o medio mariño

O Consello da Xunta autorizou a proposta da Consellería do Mar para eximir de garantías na realización de pagamentos á conta nas subvencións que se conceden ao abeiro da Orde que establece as bases reguladoras e se convocan para o ano 2025, en réxime de concorrência competitiva, as axudas cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) que contribúan a reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal, e que están dotadas con máis de 5 millóns de euros.

Estas achegas contribúen a reducir os impactos negativos sobre o ambiente, xa que o seu obxectivo é garantir a sustentabilidade na explotación dos recursos pesqueiros e marisqueiros, asegurando a súa actividade a longo prazo con medidas de xestión baseadas en sistemas de recollida de información sobre o estado dos recursos que melloren o coñecemento sobre o medio mariño.

As axudas, financiadas nun 70% polo FEMPA e nun 30% polo Goberno galego, teñen un período de aplicación ata 2026. A distribución orzamentaria por cada anualidade é de 2.537.500 euros no presente exercicio e de 2.536.500 no vindeiro. Financiarán proxectos ás entidades colectivas sen ánimo de lucro para desenvolver medidas técnicas e de vixilancia de interese colectivo para toda a pesca costeira artesanal. Así, os posibles beneficiarios serán tanto as entidades coestoras dos plans de xestións dos recursos mariños, como as organizacións de produtores de base do sector pesqueiro, as corporacións de dereito público de base asociativa e as entidades asociativas representativas deste réxime; todas de ámbito autonómico.

Actuacións concretas

Neste senso, as entidades colectivas beneficiarias deberán levar a cabo algunha destas actividades: desenvolvemento de medidas técnicas de xestión e vixilancia, de carácter administrativo e/ou integración co sector; seguimento do estado dos recursos aplicable á xestión de pesquerías, incluíndo especies comerciais e accesorias; e sistemas de recollida de información do estado dos recursos que mellore o seu coñecemento e a xestión sustentable.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, polo que respecta aos traballos de asistencia técnica, destacan a elaboración e seguimento, optimización e control dos plans de coexistión de recursos mariños vivos; a formación de pescadores, orientada a adquirir novas competencias vinculadas a unha mellor administración e conservación dos ecosistemas en que viven; o aumento da sensibilización ambiental coa participación directa dos pescadores; a contribución á vixilancia epidemiolóxica (envío de mostras ao Intecmar para coñecer o estado sanitario das augas e especies marisqueiras) e a colaboración cos técnicos da Consellería do Mar nos asuntos relacionados directamente coa xestión, restauración dos ecosistemas e mellora da produtividade dos bancos marisqueiros.

No caso dos labores de vixilancia, serán traballos de salvagarda do medio mariño e das súas especies. Levaranse a cabo establecendo condicións de acceso ás zonas de pesca e deberán ser comunicados ao Servizo de Gardacostas. Entre as accións que se executarán inclúense a programación semanal das actividades de vixilancia e control, que deberá realizarse, cando menos, cunha semana de antelación; a comunicación ao dito ente, no prazo máximo dunha semana desde que se produza o feito, o inicio, interrupción e finalización da prestación dos servizos, ou a remisión dos datos e informes que Gardacostas lles requira.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA CONSOLIDA A MATRÍCULA GRATUÍTA PARA ESTUDANTES UNIVERSITARIOS E DE ARTÍSTICAS SUPERIORES, QUE ARRANCOU ESTE CURSO CON CASE 20.000 BENEFICIARIOS

- Salienta que a gratuidade se manterá o vindeiro ano académico e que volven conxelarse as taxas no másteres, que están entre os máis baratos do Estado
- Unha serie de medidas que permiten un aforro estimado de preto de 20 M€ ao ano ás familias
- Resalta que, como novidade, os alumnos deberán estar matriculados nun mínimo de 60 créditos en lugar de no curso completo
- Tamén se incluírán como beneficiarios os estudantes que obteñan diploma nos bacharelato Internacional e BachiBac, ata o de agora non incluídos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello deu o visto e praxe a manter o vindeiro curso a matrícula gratuítá para os alumnos de graos e ensinanza artísticas superiores.

Deste xeito, o Executivo autonómico consolidará unha medida pioneira e única a nivel estatal que se implantou por primeira vez neste curso e que, segundo apuntou o titular do Goberno galego, son “20.000 os estudantes que se están beneficiando”.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP elevou ao Consello da Xunta un informe sobre a tramitación administrativa do decreto que formalizará a bonificación das taxas universitarias de grao, así como a conxelación, de novo, das taxas de grao (para quen non cumpra os requisitos da gratuidade) e de máster, cun prezo medio de 11,89€ /crédito

Así pois, de novo no curso 2025/26, as familias cuxos fillos e fillas inicien por primeira vez estudos de grao ou de artísticas o próximo mes de setembro non terán que desembolsar ningunha matrícula, o que supón maior facilidade de entrada para todos os estudantes e contribúe á igualdade de oportunidades. Así mesmo, todos os universitarios que xa están no sistema e que aproben van ter asegurada a matrícula gratuítá ao longo de toda a súa carreira universitaria, unha medida de apoio ás familias sen precedentes no conxunto do Estado.

E no que atinxe aos másteres universitarios, Galicia sitúase de novo como a comunidade autónoma cos prezos medios de máster máis baratos, con 15,22€ por debaixo da media nacional.

Rueda salientou que o conxunto destas medidas supoñen un aforro estimado de preto de 20 M€ anuais para as familias galegas con fillos universitarios ou que cursan estudos equivalentes ao grao universitario.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Melloras con respecto ao presente curso

Partindo da experiencia deste curso, de cara ao vindeiro exercicio, a Consellería de Educación implementa unha serie de melloras no que atinxe á bonificación das taxas de grao universitario. Tal e como explicou o presidente, a principal novidade é que, a partir de setembro, o requisito para acceder á matrícula gratuíta é estar matriculado "nun mínimo de 60 créditos", e non nun curso completo, como ata agora. Este cambio supón unha maior flexibilidade para os estudantes, na liña da filosofía do Espazo Europeo de Educación Superior.

Outra das novidades é que os estudantes que obteñan diploma nas modalidades de bacharelato internacional e Bachibac (o bacharelato francés) en centros educativos galegos "tamén se benefician" da matrícula de balde. Ata o momento estaban excluídos debido a que estes estudantes non se presentan á parte obrigatoria da ABAU, outro dos requisitos establecidos.

Polo demais, ao igual que no presente curso, a medida será de aplicación a todos os estudantes de grao matriculados en calquera das tres universidades públicas do Sistema universitario galego (SUG), así como aos estudantes de ensinanza artística superior (Música, Arte Dramática, Deseño e Conservación e Restauración de Bens Culturais) en centros públicos galegos, tanto no caso de novo ingreso coma no de continuidade de estudos. Tamén será gratuíta para o alumnado do resto dos cursos ata finalizar o grao sempre que aprobe a porcentaxe de créditos establecida para cada área de coñecemento.

Para acceder á matrícula gratuíta, no caso dos estudantes de novo ingreso que debutan na Universidade, deberán ter superado a parte obrigatoria da PAU en Galicia na convocatoria de 2025 ou un ciclo superior de FP en calquera centro galego.

Para os estudantes de continuidade (segundo e sucesivos cursos), deberán ter estado matriculados nun grao nunha universidade pública galega durante o curso anterior (isto é, no actual 2024/25) e ter superados o 90% dos créditos nos graos das áreas de Humanidades e Xurídicas, o 80% dos créditos nos da área da Saúde e o 65% no caso das enxeñarías e graos da área de Ciencias.

Redobrar esforzos no apoio ás familias

Esta medida supón redobrar a aposta da Xunta de Galicia polo apoio ás familias coa gratuidade da educación para o alumnado desde que entra na gardería, na etapa 0-3 anos, ata que remata os seus estudos universitarios, ao tempo que se fomenta a cultura do esforzo, premiando o interese, a dedicación e o bo aproveitamento académico.

Tal e como sinalou o presidente do Goberno galego, Galicia xa levaba "13 anos coas taxas conxeladas", unha medida mellorada o pasado curso coa "gratuidade total" para todos os cursos de grao. No caso dos estudos de máster, as taxas vanse manter conxeladas unha vez máis no prezo medio de 11,89€/crédito (a segunda máis barata do Estado tras Canarias), o que supón un importante aforro para as familias. Tamén se mantén a conxelación das taxas de grao en 11,89€/crédito para aqueles estudantes que non cumpran cos requisitos da gratuidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, Galicia vai seguir tendo a universidade máis accesible de toda España, coa matrícula de grao gratuíta e os másteres máis baratos do Estado.

Á espera da resolución das bolsas do Ministerio

A estimación de beneficiarios de matrícula gratuíta en Galicia calcúlase en preto de 20.000 persoas. Non obstante, a Consellería segue á espera de que se resolvan todas as bolsas de estudo estatais, dado que hai estudantes que cumpren coas condicións para a matrícula gratuíta da Xunta pero están pendentes doutras exencións e, se non as obteñen, aplicaríaselles a bonificación autonómica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA A PRIMEIRA ESTRATEXIA GALEGA CONTRA O IDADISMO

- Búscase eliminar a discriminación por idade e fomentar unha sociedade máis inclusiva, onde as persoas maiores gocen de plena participación e dereitos
- Estrutúrase en tres grandes liñas: intervencións interxeracionais, actividades educativas, política e lexislación
- O documento, vixente ata 2031, avanza as primeiras medidas para o curso 2025/26: campañas para combater estereotipos sobre os maiores, formación específica en idadeismo e a creación dun Comisionado Autonómico encargado de revisar as políticas públicas e a lexislación

O Consello da Xunta avaliou esta mañá un informe sobre a primeira Estratexia galega contra o idadeismo elaborada pola Consellería de Política Social e Igualdade e con vixencia para o período 2025-2031. O documento inclúe medidas para cambiar a percepción negativa do envellecemento, asegurar a equidade nos servizos e promover as relacións entre as distintas xeracións.

O obxectivo é eliminar a discriminación por idade e fomentar unha sociedade máis inclusiva, onde as persoas maiores gocen de plena participación e dereitos. O documento estrutúrase en tres grandes liñas, sendo a primeira o fomento das intervencións interxeracionais co fin de reducir os prexuízos e estereotipos entre grupos. A segunda liña de actuación céntrase nas actividades educativas e a terceira pon o foco nos ámbitos da política e da lexislación.

Ademais de sinalar os eixos prioritarios de actuación, a Estratexia avanza as primeiras medidas concretas para realizar no curso 2025/26, para as que fixa un orzamento de 520.000 euros. Unha destas medidas é promover campañas que combatan os estereotipos sobre as persoas maiores, para as que se buscará a colaboración de entidades e actores de referencia nos ámbitos deportivo, cultural, educativo, etc.

Entre as primeiras accións que se desenvolverán, a Estratexia inclúe tamén un programa de formación específica en idadeismo dirixido ao profesorado de infantil, primaria e secundaria. Así mesmo, outra medida prevista para este curso 2025/26 é a creación dun Comisionado Autonómico, que se encargará de revisar as políticas públicas e a lexislación para detectar eivas idadeistas e propoñer os cambios que permitan corrixilas e eliminalas.

Nos seguintes anos e ata 2031, a Estratexia propón outra serie de medidas como o fomento da investigación científica sobre o idadeismo en colaboración coas universidades galegas, a creación dunha certificación de centro educativo inclusivo para todas as idades, a elaboración de guías para a defensa das persoas maiores como consumidoras ou a incorporación de actuacións preventivas de idadeismo na contratación pública.

Na elaboración deste marco galego participou a Cátedra de Idadismo da Universidade de Vigo e a doutora Vania de la Fuente, galega e autora do primeiro informe mundial sobre idadeismo da Organización Mundial da Saúde. Tamén participaron neste proxecto

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

diversas entidades, entre outras o Colexio de Educadores Sociais, Cáritas, Atendo, asociacións de familiares de persoas con alzhéimer, a Rede galega contra a pobreza e a Federación Galega de Asociacións Universitarias Sénior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A DEFLACTACIÓN DOS TRAMOS AUTONÓMICOS DO IRPF APLICADA POLA XUNTA PERMITE AFORRAR AOS CONTRIBUÍNTES GALEGOS 128 M€ DESDE O 2022

- As deducións autonómicas que se aplican na Campaña da Renda 2024 supoñen un aforro doutros 34 M€
- Seguen vixentes as numerosas medidas de alivio fiscal postas en marcha polo Goberno galego nos últimos anos para loitar contra a suba de prezos
- As novidades para este ano afondan na protección ás familias e ás empresas
- A Atriga prestará asistencia presencial, telefónica e videoasistencia para facer a declaración, con 36 efectivos e seis coordinadores

Na campaña deste ano seguen vixentes as numerosas medidas de alivio fiscal postas en marcha polo Goberno galego nos últimos anos para loitar contra a suba de prezos e que posibilitaron un aforro de 128 M€ desde o ano 2022. Así, os contribuíntes galegos volverán aplicar a deflactación dos tres primeiros tramos autonómicos do IRPF e a rebaixa do primeiro tramo e do incremento dos mínimos persoal e familiar incrementados nese mesmo ano.

As deducións autonómicas establecidas pola Xunta permitirán aforrar aos contribuíntes galegos máis de 34 millóns de euros na campaña da renda 2024 o que suporá en total uns 160 M€ menos. Iso se desprende dun informe sobre a campaña do IRPF 2024 presentado polo Conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, ao Consello da Xunta.

Ademais, Galicia foi a primeira comunidade en equiparar fiscalmente no IRPF as familias de dous fillos coas familias numerosas. Deste xeito, as familias con dous fillos poden deducir 250€, un incentivo que ata o 2023 tiñan as familias numerosas (250€ as de categoría xeral e 400€ as de especial), que se dobrou para as familias de tres fillos (500€). En total son case 190.000 familias, entre numerosas e con dous fillos, as que resultarán beneficiadas na súa declaración. Esta cantidade increméntase noutros 250€ por cada fillo a maiores (a partir de tres). Tamén están vixentes deducións referidas ao nacemento ou adopción de fillos, ao coidado de fillos menores, ás persoas con discapacidade de 65 ou máis anos que precisen axuda de terceiros e ao acollemento familiar.

Abundando nas medidas de protección ás familias, na campaña da renda de 2024 os contribuíntes galegos terán unha mellora na dedución por acollemento familiar, de forma que se aplicarán sempre 300 € con independencia da súa duración.

Deducións para vivenda

No que se refire a deducións por vivenda para aluguer, poden acollerse os contribuíntes de idade igual ou inferior a 35 anos. Tamén se aplican para os investimentos en instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables na vivenda habitual, e para obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou en vivendas unifamiliares, así como polos gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén se establecen vantaxes fiscais para a rehabilitación de bens inmobles en centros históricos e para a adquisición ou rehabilitación de vivendas en aldeas modelo.

No que se refire ás empresas, existen deducións por investimento en empresas agrarias, pola compra de accións ou participacións en entidades novas ou de recente creación, por investimentos realizados en entidades cotizadas no mercado alternativo bolsista, por donativos a centros de investigación de universidades galegas e dos promovidos ou participados pola Xunta.

Para seguir apoiando as empresas galegas, na presente campaña habilitouse, ademais, unha nova dedución para os contribuíntes que adquiran accións ou participacións en empresas de especial interese público, social ou económico conforme a lei reguladora dos proxectos que utilizan recursos naturais de Galicia. A porcentaxe de dedución é do 20% e aplicarase sobre a base constituída polas cantidades investidas no exercicio, cunha base máxima total de 10.000 € por entidade.

Tamén os deportistas de alto nivel poden deducir as axudas e subvencións recibidas.

A Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) prestará asistencia presencial –con 36 efectivos e seis coordinadores que estarán presentes nas sete plataformas da Axencia Estatal da Administración Tributaria–, telefónica e videoasistencia aos contribuíntes galegos durante a campaña da renda, que comeza o mércores 2 de abril. Ata o 6 de maio a declaración só se poderá presentar de xeito telemático, pero ese día comeza a atención telefónica do Plan Chamámoslle para obter asistencia telefónica na confección da declaración. A partir do 2 de xuño dará comezo a atención presencial aos cidadáns que prefiran atender as súas obrigas tributarias do IRPF deste xeito.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA PROVISIONALMENTE O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA AC-406 NOS CONCELLOS DE VAL DO DUBRA E DA BAÑA, CUN INVESTIMENTO DE 4,4M€

- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas someterá en abril este proxecto a información pública e prevé aprobalo definitivamente en outono
- O obxectivo é mellorar o trazado do treito entre os puntos quilométricos 18+477 e 21+925 desta estrada autonómica co fin de reforzar a seguridade viaria, e habilitando un carril adicional de máis de 1 quilómetro de lonxitude de adiantamento
- O proxecto prevé a rehabilitación do firme, a adecuación do sistema de drenaxe ao novo trazado e a renovación de sinalización
- Estas intervencións sumaranse á 1ª fase de acondicionamento executada entre o parque empresarial de Santa Comba e Abuín, cun investimento autonómico de 3,2M€

O Consello da Xunta aprobou hoxe provisionalmente o proxecto de acondicionamento da estrada AC-406, ao seu paso polos concellos de Val do Dubra e da Baña, que suporá un investimento de preto de 4,4M€.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas someterá en abril o proxecto a información pública, para os efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, e para os efectos expropiatorios.

O Goberno galego prevé aprobar definitivamente o proxecto no outono, para a continuación acometer a redacción do proxecto construtivo.

O obxectivo destas obras, cuxo prazo de execución é dun ano, é mellorar o trazado do treito comprendido entre os puntos quilométricos 18+477 e 21+925 desta estrada autonómica co fin de reforzar a seguridade viaria, e habilitando un carril adicional de máis de 1 quilómetro de lonxitude de adiantamento.

O proxecto tamén prevé a rehabilitación do firme, así como a realización de actuacións de adecuación do sistema de drenaxe existente ao novo trazado deseñado.

Tamén se renovarán a sinalización, o balizamento e as defensas e acometeranse as obras complementarias precisas.

1ª fase

Estas intervencións sumaranse á 1ª fase de acondicionamento executada nos anos 2018 e 2019 no treito que vai de Portomouro a Santa Comba, entre o parque empresarial de Santa Comba e Abuín.

Estas actuacións, cun investimento autonómico de máis de 3,2M€, centráronse na execución dun novo trazado alternativo para evitar o paso polo núcleo de Salgueiroas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As obras reforzaron a seguridade viaria nesta contorna, dado que o trazado anterior, encaixado entre edificacións neste núcleo, tiña varias curvas de raio moi reducido e interseccións con escasa visibilidade.